

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 14 de xuño de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día catorce de xuño de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(644).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e da extraordinaria e urxente do 31 de maio de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(645).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTES. 14/2713, 14/2391, 04/1429, 04/2071, 13/2256, 22/1965, 24/1319, 25/1887.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 5.06.13, conformados pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- M<sup>a</sup> Carmen Trinidad Rodríguez Lucio. Expte. 2713/14.
- Severa Morosín García. Expte. 2391/14.
- Margarita López Carrera. Expte. 1887/25.
- M. Asunción Vicente Orbe. Expte. 1319/24.
- M<sup>a</sup> Carmen Comesaña Lago. Expte. 2071/04.
- Gloria Braña Sisniega. Expte. 1429/04.
- Manuela González Vázquez. Expte. 2256/13.
- Angela Patricia Cardona Molina. Expte. 1965/22.

**3(646).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 16.875,24 € A FAVOR DE SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L. SAMYL POLOS SERVIZOS DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO E MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS NO MES DE ABRIL DE 2013. EXPTE. 9915/255.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6.06.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de negociado de Cemiterios, do 23.05.13, conformado polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e pola concelleira-delegada de dita Área, que di o seguinte:

PRIMEIRO - Aprobar a indemnización substitutiva mediante convalidación a favor de “SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. -SAMYL-” por importe de 16.875,24 euros (IVE engadido) segundo factura correspondente o mes de abril de 2013, pola realización dos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiteiros municipais naquelas datas.

SEGUNDO.- Recoñece-la obriga de pagamento a favor de “SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. -SAMYL-, CIF: B-47037577)”, por importe de 16.875,24 euros (IVE engadido) pola realización dos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiteiros municipais no mes de abril de 2013, con cargo á Partida orzamentaria 1640.2279900 do vixente exercicio.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados nos termos do artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

**4(647).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PRENDAS ESPECIAIS PARA O PERSOAL DA POLICÍA LOCAL, BOMBEIROS E SERVIZOS EXTERIORES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4277/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 10.06.13, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 6.06.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a SAGRES, S.L.-PARTENÓN (CIF B-36028991) os lotes 2 (camiseta térmica), 5 (anorak patrulla policía local), e 7 (anorak polar bombeiros); a EL CORTE INGLES, S.A. (CIF A-28017895) os lotes 3 (pantalón inverno policía local) e 6 (polo inverno policía local); a COMPLEMENTOS POLICIAIS, S.L. (CIF B-36569069) o lote 4 (pantalón verán policía local) e a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (CIF B-36112043) os lotes 9 (pantalón deporte bombeiros) e 10 (polo bombeiros) do procedemento aberto para a contratación da subministración de prendas especiais para o persoal da Policía Local, Bombeiros e servizos exteriores do Concello (expediente nº 4277-241) por uns prezos totais respectivos de 7.076 euros, 5.776,80 euros e 31.770,83 euros para os lotes 2, 5 e 7; de 57.928,75 euros e 24.515,45 euros para os lotes 3 e 6; de 25.952,08 euros para o lote 4; e de 3.202,20 euros e 11.745 euros para os lotes 9 e 10. Todo o anterior de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**5(648).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO DE SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL XOSÉ NEIRA VILAS. EXPTE. 14147/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.05.13, o informe de fiscalización do 7.06.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do 23.05.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente incoado para a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos bibliotecarios complementarios para a biblioteca municipal "Xosé Neira Vilas".

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, que reixerá na licitación obxecto do presente expediente, redactado polo xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas con data 26 de abril de 2013.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que reixerá na licitación obxecto do presente expediente, redactado pola técnica de Admón Xeral do servizo de Contratación con data 22 de maio de 2013.

CUARTO.- Autorizar o gasto anticipado do devandito contrato, polo importe de 676.289,26 €, máis 142.020,74 € correspondentes ao 21% de IVE, o que ascende a un total de 818.310 €, polo período de tres anos, a contar dende o día 15 de marzo de 2014 ao 14 de marzo de 2017, que se imputarán á partida 3340.227.9910. "Funcionamento da biblioteca Xosé Neira Vilas" dos respectivos orzamentos.

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma legalmente prevista .

**6(649).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE ULYSESPROJECT EVENTOS ESPECIALES SLU PARA A ORGANIZACIÓN DO XIII OPEN INTERNACIONAL “O MARISQUIÑO”. EXPTE. 5043/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 24.05.13, o informe de fiscalización do 10.06.13, e de acordo co informe-proposta da zefa do Servizo de Festas, do 22.05.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Pomoción Cultural, a concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio de colaboración, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a sociedade Ulysesproject Eventos Especiales SLU (CIF B-36.957.132) para a organización do XIII Open internacional “O Marisquiño”

SEGUNDO.- Autorizar un gasto por importe de 40.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á sociedade Ulisesproject Eventos especiales SLU (CIF B-36.957.132), con cargo á aplicación presupostaria 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño) do programa presupostario de Festas para o exercicio 2013.”

*CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO XIII OPEN INTERNACIONAL  
O MARISQUIÑO*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, don Cayetano Rodríguez Escudero, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno de data 8 de febreiro de 2013.*

*Doutra, don Carlos Domínguez Fernández, como propietario único da sociedade Ulisesproject Eventos especiales SLU, CIF nº B-36.957.132 e enderezo social na avenida de Castrelos nº 29 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta da escritura de constitución da sociedade que figura na documentación do expediente núm. 5043/335.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a marca “O Marisquiño” atópase rexistrada na Oficina española de Patentes y Marcas a nome de D. Carlos Domínguez Fernández.*

*II.- Que a entidade Ulisesproject Eventos especiales SLU, empresa da que é propietario único D. Carlos Domínguez Fernández, ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O Marisquiño” (segundo as súas propias manifestacións) e ten por obxecto social, entre outros, a realización e promoción de toda clase de eventos deportivos e culturais.*

*III.- Que esta entidade vén organizando nos últimos anos o “Open Internacional O Marisquiño”, no centro da cidade de Vigo, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais, estando en*

*condicións de organizar a presente edición, conforme ao programa (recollido no Anexo I deste Convenio) e Presuposto de ingresos e gastos (por un importe total de 250.000 euros – Anexo II).*

*IV.- Que a exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola entidade.*

*V.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades das “Festas de Verán 2013”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte urbanos. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.*

*VI. Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.470.0001, prevé a concesión dunha subvención por importe de 40.000,00 (corenta mil) euros, para a organización de “O Marisquiño”. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción da cultura urbana, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida sociedade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.*

*VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución da XIII OPEN INTERNACIONAL “O MARISQUIÑO”, que se desenvolverá entre os días 9 e 11 de agosto, ambos inclusive, polo centro da cidade.*

*VI.- Que ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 5043/335.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes*

#### **PACTOS**

*Primeiro.- Ulisesproject Eventos especiales SLU comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo en canto a organización do XIII Open Internacional O Marisquiño, que terá lugar no centro da cidade os días 9, 10 e 11 de agosto de 2013, conforme ao programa recollido no Anexo I deste Convenio, e concretamente a:*

*1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.*

*2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, recollidos no Anexo II.*

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa .

7º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil e accidentes que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio das actividades.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Incluír o XIII Open Internacional "O Marisquiño" dentro da programación das Festas de verán 2013 do Concello de Vigo, así como nos soportes publicitarios que se realicen para esta programación.

2º.- Conceder directamente a ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, unha subvención para a edición 2013 por importe de 40.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución do XIII Open Internacional "O Marisquiño".

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080 5085 79 3040021974, da entidade bancaria NCG BANCO, S.A., da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as

*actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.*

*Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar::*

*a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*

*b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:*

*- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*

*- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*

*- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*

*- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma serán comprobados polo servizo de Festas do Concello; a tal fin o persoal técnico do mesmo emitira informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade beneficiaría, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa do servizo de Festas da Concellería de Cultura e Festas e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico da Concellería de Festas nos propios espectáculos folclóricos programados.*

*Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

*Décimo oitavo.- O concelleiro de Cultura, Festas e Muesos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e*



*comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello.*

*Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).*

*Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ó Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Cultura e Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.*

*A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.*

*Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.*

Anexo I

## PROGRAMA

*Data de celebración: 9, 10 y 11 de Agosto de 2013.*

*Lugar: Paseo das Avenidas.*

*Programación:*

- Campeonato internacional de skateboard.*
- Campeonato internacional de BMX.*
- Campeonato de skate & BMX en Mini-megaramp.*
- Campeonato internacional de descenso urbano en mountain bike.*
- Campeonato internacional de mountain bike Dirt Jump.*
- Campeonato internacional de Break Dance.*
- Exhibicións de Freestyle Motocross.*
- Graffiti.*

-Concertos.  
Anexo II

### PRESUPOSTO DE INGRESOS E GASTOS

#### PLAN DE FINANCIACIÓN

-Financiación institucional:

Concello de Vigo 40.000 euros.  
Outras institucións 60.000 euros.

-Financiación privada:

Patrocinadores: 140.000 euros.  
Explotación de recursos propios: 10.000 euros.

#### PRESUPOSTO XERAL DE INVESTIMENTO

-Área deportiva: 110.000 euros.  
-Área de concertos: 35.000 euros.  
-Área artística: 5.000 euros.  
-Loxística: 15.000 euros.  
-Seguridade: 15.000 euros.  
-Infraestruturas: 20.000 euros.  
-Aloxamentos: 20.000 euros.  
-Comunicación: 15.000 euros.  
-Varios: 15.000 euros.

Total: 250.000 euros.

### **7- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO PARA ORGANIZAR A “30º CARREIRA NOCTURNA DE SAN XOAN” O VINDEIRO 23 DE XUÑO. EXPTE. 12173/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.05.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, a organizar o vindeiro 23 de xuño de 2013, a “30º Carreira Nocturna de San Xoán”. A proba terá a súa saída dende a Praza do Rei ás 21.15 h, percorrendo as rúas de Camelias, Romil, Paseo de Alfonso, Pi i Margall, López Mora, Bar Boo, Coruña, Tomás Alonso, Paulino Freire, Beiramar e finalizando no Berbés.

### **8(650).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á EMPRESA EVENTOGLOBAL PARA ORGANIZAR O “CAMPEONATO GALEGO DE FÚTBOL PRAIA” OS VINDEIROS 14,15 E 16 DE XUÑO. EXPTE. 12227/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 10.05.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Juan Carlos Andrés en representación da empresa EVENTOGLOBAL , a organizar os vindeiros días 14, 15 e 16 de xuño, a actividade deportiva de nivel competitivo denominada CAMPEONATO GALEGO DE FUTBOL PRAIA, dita proba se levará a cabo na desembocadura do ría Lagares, na praia de Samil.

**9(651).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA (MAISQUEAGUA) PARA ORGANIZAR A “II CARREIRA INFANTIL MAISQUEAUGA” O VINDEIRO 15 DE XUÑO DE 2013. EXPTE. 12200/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 6.06.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a AQA VIGO XESTIÓN DEPORTIVA (MAISQUEAUGA), a organizar o vindeiro sábado 15 de xuño de 2013 a “II CARRERA INFANTIL MAISQUEAUGA”. A proba se levará a cabo no parque anexo á instalación de Barreiro, e nas rúas Urania Mella Serrano, Subride e Cño Balanciña, comenzando ás 16.00h e rematando ás 18.00 horas.

**10(652).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ANTEPROXECTO DE EXPLOTACIÓN PARA O CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS CON EXECUCIÓN DE OBRA, A TRAVÉS DA MODALIDADE DE CONCESIÓN PARA O NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA. EXPTE. 12032/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 6.06.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

*Antecedentes.-*

*1º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 12/03/2013, acordou aprobar o anteproxecto de explotación para o contrato xestión de servizos públicos con execución de obra, a través da modalidade de concesión para o novo centro deportivo municipal de Navia, que consta de maneira fundamental dos seguintes apartados e os anexos obrantes no expediente:*

- ✓ Memoria sobre as necesidades a satisfacer, os factores sociais, técnicos, económicos, ambientais e administrativos considerados para atender o obxectivo fixado e a xustificación da solución que se propón.*
- ✓ Descrición e definición da obra a executar. Definición da parcela. Planos de situación. Definición e programa funcional das instalacións a construír.*
- ✓ Orzamento dos gastos de execución da obra.*
- ✓ Estudo relativo ao réxime de utilización e explotación do servizos, con indicación da súa forma de financiamento e do réxime tarifario que rexerá na concesión.*

2º.- Segundo resolución do concelleiro-delegado de Deportes de data 4/04/2013 procédese a someter a exposición pública polo prazo dun mes, do anteproxecto de explotación para o contrato xestión de servizos públicos con execución de obra, a través da modalidade de concesión para o novo centro deportivo municipal de Navia. de acordo co establecido no artigos 133.2 e 129.3 do TRLCSP”.

3º.- O período de exposición pública rematou o pasado 15 de maio sen que se presentaran alegacións ao expediente, segundo consta na certificación do 20/05/2013, asinada pola Secretaria do Goberno Local e conformada polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal.

PROPOSTA.-

Por todo o exposto, o técnico que subscribe, propón que a Xunta de Goberno Local, adopte o seguinte acordo:

Tendo en conta a non presentación de alegacións no trámite de exposición pública, aprobar, con carácter definitivo, o anteproxecto de explotación para o contrato xestión de servizos públicos con execución de obra, a través da modalidade de concesión para o novo centro deportivo municipal de Navia, que consta de maneira fundamental dos seguintes apartados e os anexos obrantes no expediente:

- ✓ Memoria sobre as necesidades a satisfacer, os factores sociais, técnicos, económicos, ambientais e administrativos considerados para atender o obxectivo fixado e a xustificación da solución que se propón.
- ✓ Descrición e definición da obra a executar. Definición da parcela. Planos de situación. Definición e programa funcional das instalacións a construír.
- ✓ Orzamento dos gastos de execución da obra.
- ✓ Estudo relativo ao réxime de utilización e explotación do servizo, con indicación da súa forma de financiamento e do réxime tarifario que rexerá na concesión.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(653).- OUTORGAMENTO DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE EMPREGO DO ANO 2013. EXPTE. 9795/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 10.05.13, conformado polo concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: DESESTIMAR, integramente, conforme ao art. 23.3 da LSG, ás entidades que se relacionan, as súas solicitudes de subvencións, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias e, en concreto, polas causas indicadas:

- Por non subsanar a documentación presentada en tempo e prazo, incumprindo cos requisitos solicitados na cláusula Segunda.

ASOCIACIÓN SAPRESU, co CIF nº G27759125  
CSI-E, co CIF nº G79514378

- Por ter presentado solicitude a entidade COGAMI de CIF G32115941, participante no Plan Municipal de Emprego 2012, que comparte as mesmas sedes, os mesmos medios de difusión e os mesmos obxectivos.

FEDERACIÓN COGAMI – PONTEVEDRA, co CIF nº G36704195

- Por non obter a puntuación mínima no apartado b) da cláusula Décima “Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto”

SOCIEDADE CULTURAL RECREATIVA Y DEPORTIVA HELIOS,  
CIF nº G36633428  
ACF O FIADEIRO, CIF nº G36812204  
SODIM, CIF nº G36633022  
SOC. FARAXA POLA ABOLICIÓN DA PROSTITUCIÓN, CIF nº  
G27728658.

SEGUNDO: CONCEDER, de conformidade co art. 23.3 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4890010, denominada “*CONVENIOS P. EMPREGO MUNICIPAL*” do vixente exercicio presupostario, cunha dotación de 1.480.000 €.

PROGRAMA I (VECIÑAIS - CULTURAI)		
Nº Exp.	NOME ENTIDADE	Proposta final
9658/77	A.V.V CALVARIO	16.964,97 €
9659/77	AVCU-CSCR DE BEADE	38.416,61 €
9721/77	A.V. LA UNION DE SAN PEDRO MATAMA	8.721,88 €
9660/77	FEDERACIÓN A.V.V EDUARDO CHAO	50.000,00 €
9661/77	F.P.R. "EL OLMO"	11.016,36 €
9662/77	ASOC. VECIÑAL CASCO VELLO	20.571,43 €
9663/77	C.C.V.D VIGO CENTRO	15.513,31 €
9664/77	AGRUP. CENTROS CULTURAI DE VIGO	41.482,89 €
9685/77	A.V.C.S. LAVADORES	13.950,00 €
9693/77	A.V.C.D "SAN XURXO"	11.865,51 €
9488/77	ASOC. VECIÑAL NOVO VIGO	8.365,02 €
9739/77	CENTRO SOCIOCULTURAL A.R. VALLADARES	48.327,00 €
		285.194,98 €

**PROGRAMA II (SOCIAIS - ASISTENCIAIS)**

Nº Exp.	NOME ENTIDADE	Proposta final
9665/77	FUNDACIÓN IGUALARTE	9.566,03 €
9667/77	ASOC. DE BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA	15.002,16 €
9688/77	ASOC. DE PERSONAS SORDAS DE VIGO	9.256,65 €
9669/77	FOANPAS (*)	20.382,87 €
9670/77	AVEMPO	18.194,10 €
9671/77	FUNDACIÓN LUIS TILVE	15.640,55 €
9488/77	ASOC. MULLERES PROGRESISTAS	18.353,70 €
9673/77	ASOC. ASPANAEX (*)	12.177,00 €
9679/77	FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	7.660,68 €
9680/77	ALENTO-ASOC. DE DANO CEREBRAL DE VIGO	9.575,84 €
9682/77	ASOCIACIÓN INTEGRACIÓN	4.149,53 €
9683/77	CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA	6.064,70 €
9684/77	AUTISMO VIGO (*)	20.109,27 €
9689/77	DOW VIGO: ASOC. PARA A SÍNDROME DE DOWN (*)	13.679,78 €
9686/77	COGAMI (*)	16.142,14 €
9688/77	ASOC. FÚTBOL AFICIONADO DE VIGO (AFAVI)	15.321,35 €
9719/77	ASOC. DE AYUDA AL ENFERMO MENTAL DOA	5.107,12 €
9694/77	FEAFES-GALICIA	7.341,48 €
9696/77	FUNDACIÓN CIP	7.022,29 €
9697/77	FADEMGA FEAPS GALICIA	5.798,71 €
9700/77	CLUB AUTOMODELISTA VIGUÉS	6.703,09 €
9701/77	CLUB CICLISTA VIGUÉS	6.064,70 €
9704/77	ASOCIACIÓN INCLUSIÓN	6.064,70 €
9706/77	ASOCIACIÓN PARKINSON VIGO	1.097,62 €
9708/77	CARITAS DIOCESANA DE TUI - VIGO	15.800,14 €
9709/77	EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL	17.236,52 €
9711/77	ASOCIACIÓN GALEGA DE HEMOFILIA	4.787,92 €
9716/77	APAMP (*)	19.698,88 €
9712/77	CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO	3.989,94 €
9745/77	ASOCIACIÓN XARUMA	15.959,74 €
9742/77	ASOCIACIÓN DE MULLERES PEDRA VELLA	9.575,84 €
		343.525,05 €

**PROGRAMA III (ORGANIZACIÓNS SINDICAIS)**

Nº Exp.	NOME ENTIDADE	Proposta final
9674/77	UNIÓN COMARCAL UGT-VIGO	49.805,41 €
9717/77	CIG-UC VIGO	50.000,00 €
		99.805,41 €

**PROGRAMA IV (ENTIDADES EMPRESARIAIS)**

Nº Exp.	NOME ENTIDADE	Proposta final
9675/77	INSTALECTRA	34.234,23 €
9676/77	Asociación Autónoma de empresarios de talleres de reparación de automóviles (ATRA)	30.630,63 €
9677/77	Soc. Empresarial de industriales y comerciantes de la zona de Traviesas (AETRAVI)	8.395,07 €
9678/77	Asociación de Jóvenes Empresarios (AJEVIGO)	21.187,45 €
9720/77	ASOCIACIÓN DE HOSTELERÍA DE VIGO (AHOSVI)	24.624,62 €
9692/77	Asociación Galega de Emprendedores (AGAEMP)	26.639,98 €
9695/77	FED. PROV. EMPR. HOSTELERÍA PONTEVEDRA (*)	57.657,66 €
9698/77	ASOC. EMPRESAR. MERCADO TRAVIESAS	18.853,46 €
9699/77	COLEXIO DE ECONOMISTAS DE PONTEVEDRA	10.810,81 €
9702/77	FUNDACIÓN GALEGA DO METAL (FORMEGA)	24.024,02 €
9705/77	ASOC. COMERC. DEL MERCADO CALVARIO	6.412,64 €
9713/77	Asociación de Industriales Matalúrgicos (ASIME)	9.609,61 €
9718/77	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	9.609,61 €
9744/77	ASETTRANPO (**)	6.000,00 €
9740/77	FED. GALEGA DE EMPRESAS DE FORMACIÓN	9.609,61 €
9722/77	FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU	58.243,24 €

356.542,65 €

**PROGRAMA V (COMUNIDADES DE MONTES)**

Nº Exp.	NOME ENTIDADE	Proposta final
9681/77	MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO (*)	239.740,26 €

239.740,26 €

TERCEIRO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 58 e 59 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa:

- De que deberán aportar xunto coa aceptación da axuda concedida a proposta de adecuación dos gastos subvencionables á axuda concedida, que será enviada a Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.
- De que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CUARTO: INFORMAR, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 4.1.c) da Lei 30/92, de RXAP e PAC, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

**12(654).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADO DOS RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS POLO TALLER DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1799/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23.05.13, o informe de fiscalización do 5.06.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 3.05.13, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos da Área de Fomento, e pola concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Contratar a prestación dos servizos de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo taller do Servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria.

SEGUNDO: Aprobar os pregos de prescricións técnicas particulares redactado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras con data 2 de maio de 2013 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado polo Xefe da Area de Fomento de data 2 de maio de 2013, para a contratación da prestación dos servizos de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo taller do servizo de vías e obras do Concello de Vigo.

TERCEIRO: Autorizar o gasto por un importe máximo de 160.000,00 €. IVE incluído (dous anos), con cargo a partida 1550.210.00.00 do orzamento vixente "Conservación de vías e espazos públicos"; e a inclusión nos orzamento dos anos 2014 e 2015 dos créditos que para cada un deles figuran previstos no seguinte cadro:

Anualidades	Importe con IVE	IVE (10%)
2013	40.000,00 €.	3.636,40 €.
2014	80.000,00 €.	7.272,70 €.
2015	40.000,00 €.	3.636,40 €.
Total	160.000,00 €.	14.545.50 €.

CUARTO: Abrir o procedemento licitatorio para a selección do adxudicatario na forma prevista na lexislación vixente.



**13(655).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MESTURAS BITUMINOSAS E EMULSIONS ASFÁLTICAS PARA O TALLER DE FOMENTO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 68814/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23.05.13, o informe de fiscalización do 7.06.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 30.05.13, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos da Área de Fomento, e pola concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a contratación dos subministros de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para as necesidades dos traballos derivados do Taller do Servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria.

SEGUNDO: Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación dos subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas, redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras de data 24 de abril de 2013.

TERCEIRO: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas redactado polo Xefe da Area de Fomento, asinado con data 29 de abril de 2013.

CUARTO: Autorizar o gasto por un importe máximo de 600.000,00 €. IVE incluído de acordo co prezo de licitación do contrato, con cargo a partida 1550.210.00.00 do orzamento vixente "Conservación de vías e espazos públicos"; e a inclusión nos orzamento dos anos 2014 e 2015 dos créditos que para cada un deles figuran previstos no seguinte cadro:

	Importe con IVE	IVE
2013	80.000,00 €	13.884,30 €
2014	300.000,00 €	52.066,12 €
2015	220.000,00 €	38.181,81 €
Total	600.000,00 €	104.132,23 €

QUINTO: Abrir o procedemento licitatorio para a selección do adxudicatario na forma prevista na lexislación vixente.

**14(656).- REXEITAMENTO DO REQUERIMENTO DA CONSELLERÍA DE SANIDADE AO CONCELLO DE VIGO SOBRE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS ESTABLECIDAS NO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN PARA CONSTRUCCIÓN DO NOVO HOSPITAL DE VIGO. (Resolución da Xunta de Galicia de data, 16 de abril de 2013, ditada conxuntamente pola Conselleira de**

**Sanidade e Presidenta do Servizo Galego de Saúde e o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras) EXPTE. 1765/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do asesor xurídico da Área de Fomento, do 11.06.13, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

*Con data, 17 de abril de 2013, recibíuse neste Concello a través do seu Rexistro Xeral, resolución conxunta ditada pola Conselleira de Sanidade e Presidenta do Servizo Galego de Saúde e o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras o día anterior, pola que, polos motivos que figuran nos seus antecedentes, "optan polo exercicio da súa facultade de declarar resolto o convenio asinado o 7 de marzo de 2006 pola Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a construción do Hospital de Vigo e a dotación das súas infraestructuras". Engade a resolución que dará lugar a indemnización polo Concello de Vigo dos danos e prexuízos causados que será esixida pola Administración Autonómica dacordo co procedemento legalmente establecido.*

*Na súa xustificación faise referencia á negativa deste Concello a cumprir algunha obriga das convenidas (afirmación rexeitada xa de xeito xustificado no acordo da Xunta de Goberno Local de, 15 de febreiro de 2013, por non existir incumprimento ningún).*

*A presente resolución debe ser tamén rexeitada por considerala nula de pleno dereito, ilegal e gravemente danosa para os intereses municipais, tal como se xustifica a continuación:*

*O artigo 102 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que "os actos das Administracións Públicas serán nulos de pleno dereito nos casos previstos no seu artigo 62.1, entre eles, no seu apartado e):*

*(...)*

*e) os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido".*

*Neste caso é evidente que se incumpriu o procedemento establecido na lexislación vixente, representada neste caso pola Lei Reguladora da Xurisdicción Contenciosa-administrativa e no propio convenio marco -lei en senso material entre as partes, do mesmo xeito que os pactos ou contratos-, tal como se demostra a continuación:*

*No que se refire á Lei Xurisdiccional, o seu artigo 44 establece:*

*"1. Nos litixios entre as Administracións públicas non cabe interpor recurso en vía administrativa. Non obstante, cando unha administración interpoña recurso ante outra, poderá requirila previamente para que derogue a disposición, anule ou revoque o acto, faga cesar ou modifique a actuación material, ou inicie a actividade a que está obrigada.*

*2. O requirimento deberá dirixirse ao órgano competente mediante escrito razoado que concretará a disposición, acto, actuación ou inactividade, e deberá producirse no prazo de dous meses contados dende a publicación da norma ou dende que a Administración requirinte tivera coñecido ou podido coñecer o acto, actuación ou inactividade.*

*3. O requirimento entederase rexeitado se, dentro do mes seguinte a súa recepción, o requirido non o respostara".*

*Por outra parte o convenio-marco na súa cláusula décimosegunda establece que “o incumprimento de calquera das obrigas establecidas neste documento poderá dar lugar á resolución do mesmo e, no seu caso, a indemnización por danos e prexuízos”.*

*Sen embargo, na súa cláusula décimoterceira sinala que “este convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que o subscriben, suxeitas á xurisdicción contenciosa-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación deste”.*

*Do referido precepto e das cláusulas citadas despréndese que para a resolución do convenio, por calquera de ámbalas dúas partes, o procedemento a seguir debe ser o seguinte:*

*a).- Denuncia dunha parte a outra, do incumprimento que lle imputa, requiríndoa para que cese no mesmo e outorgándolle un prazo para respostalo.*

*b).- No caso de que a outra parte non contestara no prazo establecido e continuara co incumprimento, procederíase pola parte denunciante, á resolución do mesmo e, no seu caso, a esixir os danos e prexuízos que procedan.*

*c).- Pola contra, se a outra parte respostara opoñéndose ao requirimento negando a existencia de incumprimento ningún, ámbalas dúas partes entrarán en conflito, polo que o denunciante debería defender a súa pretensión xa ante a xurisdicción contencioso-administrativa.*

*Sería entón, se o órgano xurisdiccional competente fallara a favor da pretensión do demandante, cando xa podería resolver o convenio e esixir, no seu caso, os danos e prexuízos que o mesmo lle tivera irrogado, sempre que a parte demandada continuara co incumprimento.*

*Se examinamos as actuacións producidas ata o día da data resulta o seguinte:*

*1º.- Que con data, 18 de xaneiro de 2013, a Consellería de Sanidade remite escrito a este Concello no que o require para que, no prazo máximo de un mes, manifeste a súa intención de dar cumprimento ás obrigas deste Concello derivadas do convenio (concretamente, neste caso, a execución das obras de acometidas da rede eléctrica ao novo hospital).*

*2º.- Con data de entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, 15 de febreiro seguinte, o Concello remítelle escrito contendo acordo da Xunta de Goberno Local da mesma data, no que rexeita o requirimento, por considerar que o convenio tiña perdida xa a súa vixencia e tamén porque non existiu nunca o incumprimento imputado, polas razóns que no mesmo se conteñen.*

*Así mesmo, e ante o conflito xurdido, remitiuse á outra parte, dacordo coa Lei Xurisdiccional e o convenio, á xurisdicción contencioso-administrativa, para que se o considerase oportuno, interpuxeran contra o mesmo recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.*

*3º.- O referido prazo rematou o día, 15 de abril de 2013, -e non o 18 seguinte- como se fai constar nos antecedentes da resolución- sen que a Xunta o impugnara, polo que éste é firme e consentido e, en ningún caso, poderalle servir xa de fundamento para declarar resolto o convenio-marco.*

*Polo que, en todo caso, o seguinte paso da Xunta de Galicia en cumprimento do procedemento legalmente establecido, debería ser impugnar o acordo municipal ante a xurisdicción contencioso-administrativa en cumprimento do artigo 44.1 da súa Lei reguladora e das cláusulas décimosegunda e décimoterceira do convenio-marco. Ao non facelo en prazo e dictar a resolución obxecto deste informe, esta resolución é nula, de conformidade co previsto no artigo 102 en relación co 62.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.*

*Pero a Xunta de Galicia, en lugar de recurrir á xurisdicción contencioso-administrativa o acordo da Xunta de Goberno Local rexeitando o requirimento de 18 de xaneiro de 2013, polo tanto firme, tal como contempla o convenio-marco en caso de conflito, dictou a resolución de 17 de abril optando por resolver unilateralmente o convenio-marco, segundo a mesma “en uso da súa facultade de declarar resolto o convenio” da que carece, tal como xa quedou claro, en tanto a xurisdicción contencioso-administrativo non resolva o conflito xurdido entre as partes.*

*A conclusión de todo isto é que a resolución foi ditada sen cumprirse o procedemento establecido polo propio convenio-marco para a súa resolución, polo que é nula de pleno dereito ao amparo do referido artigo 62.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.*

*Ademais, “ad cautelam” e subsidiariamente, a resolución tería que ser anulada por ser ilegal ao amparo do artigo 63 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, que establece que “son anulables os actos da Administración que incurran en calquera infracción do ordeamento xurídico, incluída a desviación de poder”, neste caso a resolución é ilegal xa que non existe motivo ningún para denunciar o convenio-marco, tal como quedou acreditado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro pasado, cuxos razoamentos se dan por reproducidos íntegramente neste escrito e tamén por carecer da motivación esixida á mesma polo artigo 89, en relación co 54.b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, xa que a única que invoca quedou rexeitada a través dun acordo municipal firme e consentido por non terse recurrido.*

*Como consecuencia de todo o razoado, é evidente que este Concello non ocasionou á Xunta de Galicia, dano ou prexuízo ningún que poda dar lugar a calquera indemnización, xa que non existiu tampouco ningún incumprimento do convenio-marco que puidera xustificar que reclame a este Concello indemnización ningunha a través do procedemento legalmente establecido.*

*En todo caso, a resolución de 16 de abril de 2013, obxecto deste informe, presenta interrogantes e contén inexactitudes que aprovéitase para aclarar e rexeitar, e que son os seguintes:*

*a).- Na súa folia 2, nos “antecedentes”, coméncase facendo xa unha afirmación que non se axusta á realidade, cando se refire a que “con data, 18 de febreiro de 2013, recibíuse un escrito do Concelleiro da Área de Fomento do Concello de Vigo (...)”.*

*Ignora o que subscribe, se se trata dun erro ou dun intento malicioso de intentar salvar o prazo para contestar ao acordo da Xunta de Goberno Local que conteñía os motivos da oposición municipal ao requirimento; pero o certo é que o escrito en cuestión non entrou no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o día 18 senon, o día 15 anterior, coa consecuencia de que, o prazo de dous meses para reclamar xa transcurrira cando se recibiu.*

*b).- Na súa folia 3, tamén nos “antecedentes”, faise referencia a que na certificación do acordo que se remitiu consta que se expide “coa salvedade establecida no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo que ten carácter provisional a expensas da súa aprobación definitiva.*

*Aunque no escrito non explican os motivos a que obedece a cita do precepto, convén aclarar que se trata dunha prevención legal establecida polo propio Regulamento que ten como único obxecto advertir ao destinatario da certificación sobre a posibilidade de que, por mor da aprobación da acta na que aquél figura, podan correxirse os erros detectados no mesmo, circunstancia que non se produxo neste caso, pero que non afecta á validez do acordo, eficaz dende que se adoptou.*

*c).- Na mesma folia e a continuación do parágrafo anterior, faise referencia a que no oficio de remisión do Sr. Concelleiro Delegado da Área de Fomento, figura que actúa por delegación do Sr.*

*Alcalde, pero non acredita que cumpre os requisitos para isto establecidos no artigo 13 da referida Lei 30/1992, de 26 de novembro.*

*Parece que se está a reprochar que na notificación non se inclúa a data na que a delegación foi publicada nos diarios oficiais correspondentes; neste caso, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

*Independentemente de que se trate dunha omisión subsanable a requirimento do destinatario e non invalidante, complétase manifestándolle que as delegacións da Alcaldía nos Concelleiros deste Concello foron establecidas por resolución de 13 de xuño de 2011, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 15 de xullo seguinte, substituída pola de 7 de febreiro de 2013, publicada no mesmo medio o 6 de marzo seguinte.*

*d).- No remate da folla 8 e principio da 9, no “fundamento II” figura a seguinte afirmación: “ademais nese acordo establecido no convenio-marco modificouse a obriga que “tradicionalmente” veñen asumindo as Entidades Locais de proporcionar os terreos nos que se ubican os centros sanitarios, mudando as mesmas por obriga de asumir a execución das acometidas necesarias para o funcionamento do novo Hospital que se especifican nas cláusulas sétima, oitava e novena do convenio-marco”.*

*Esta afirmación tampouco se axusta á realidade xa que nin no convenio-marco, nin ningún outro documento, nin na normativa de aplicación figura que a obriga a ceder os terreos (por tradicional que sexa para a Xunta), se substitúa pola de executar as acometidas para os servizos do novo Hospital.*

*En definitiva, a obriga de ceder os terreos pode ser, como se afirma na resolución, “tradicional” para a Xunta; pero non conta con amparo legal ningún e menos neste caso, no que non se trata de construír un centro asistencial para a cidade, senon da execución dun “proxecto sectorial de incidencia supramunicipal” do que polo tanto van a beneficiarse tamén outros municipios, regulado polo Decreto da Xunta de Galicia 80/2000, de 23 de marzo, no que tampouco se contempla obriga legal ningunha por parte do concello donde se pretenda instalar a dotación, de ceder os terreos necesarios para a súa implantación.*

*e).- Na súa páxina 9 dentro do “fundamento III”, afirmase o seguinte: “non se pode compartir (...) que o convenio-marco non contén a concreción das obrigas das partes” (refíerese á cláusula sétima do convenio-marco na que se establece que o Concello de Vigo levará a cabo a execución das infraestruturas urbanísticas precisas que garanten os servizos necesarios para a construción e funcionamento do Hospital).*

*Esta afirmación tampouco é certa, xa que como quedou meridianamente claro na resposta ao primer requirimento da Xunta ao efecto, no propio convenio-marco; concretamente na súa cláusula décimo-primeira, establécese: “(...) o presente convenio será desenvolvido por outros convenios ou addendas nas que se irán plasmando as súas concrecións e cuantificando os seus custos”.*

*Trátase dunha previsión lóxica xa que, ao atoparnos ante un convenio-marco, non se inclúe nel o necesario financiamento nin se achegan os correspondentes proxectos técnicos necesarios por esenciais para iniciar calquera actuación deste tipo, que lóxicamente deberían ser consensuados.*

*Que é necesario desenvolver o convenio-marco neste caso, o coñece por experiencia a Xunta de Galicia, que no seu día subscribiu un convenio con este Concello e outras Administracións, entre elas a Autonómica, para o saneamento de Vigo a través da ampliación e modernización da*

*“EDAR do Lagares”. No mesmo, as obras e as acometidas do servizo, compétenlle a “Aguas de la Cuencia del Norte, S.A.” que para executar precisamente as obras da nova acometida eléctrica á EDAR, remitiu ao Concello e tamén á Xunta, un borrador de convenio ao efecto de concretar as obrigas e actuacións de cada unha das partes na iniciativa que ten por obxecto a referida acometida, como “parte dunha actuación maior prevista no convenio suscrito o 2 de agosto de 2010”, segundo consta textualmente na súa cláusula segunda.*

*En definitiva, é evidente que este tipo de cláusulas, en convenios-marco ou de carácter xeral, sí precisa de aclaración, concreción e cuantificación do seu financiamento, previa aprobación do correspondente proxecto, a través doutros convenios de desenvolvemento ou addendas, que neste caso a Xunta nin chegou a propoñer.*

*f).- Por último, na folla 13, no “fundamento VI”, vértese a seguinte afirmación: “(...) resulta que segundo informe da Intervención da Entidade Local, existe un compromiso para o Concello de Vigo, pese a que a que a Secretaría da Entidade Local afirma que non lle corresponde ao Concello esta obriga”.*

*Esta afirmación tampouco é certa xa que a contradicción denunciada non existe, xa que a Intervención Xeral en ningún momento aceptou a existencia de tal compromiso.*

*Isto compróbase só con examinar o seu informe de data, 4 de febreiro de 2013, concretamente as seguintes afirmacións que no mesmo se conteñen:*

- “(...) o texto -do convenio-marco- non contén obriga cuantificable algunha con cargo a o orzamento municipal”.*
- “(...) tratándose dun convenio-marco requírese de acordos concretos posteriores”.*
- “(...) a teor do contido no artigo 174 do T.R.L.R.F.L, o texto do convenio-marco non cumpre un dos presupostos básicos de todo o compromiso de gasto: a súa cuantificación”.*
- Por último, a propia conclusión do informe no que consta: “non foi sometido a fiscalización previa por non ter incorporada a cuantificación dos compromisos”; “non ten a anulación dos mesmos”; “non cumpre os requisitos legais dos compromisos de gastos plurianuais previstos no artigo 174 do T.R.L.R.F.L, tanto en relación co prazo de execución como ao iniciación da súa execución”; “non tivo a consideración de gasto imputable ao orzamento, naquela data (a da súa sinatura)”; “non ten a consideración de gasto orzamentario nesta data (a do informe) por seguir a estar no eido da indeterminación”; “non representa máis que un marco regulador xenérico, que require a tramitación dun marco específico desa vontade xeral de cooperación”; “non reúne os requisitos que debe respectar todo convenio de cooperación” ou “non recolle compromiso de financiamento ningún, senon de construción”, como máis destacadas.*

*Considérase que non é precisa máis xustificación para demostrar que en contra do afirmado pola Xunta de Galicia, non existe ningún tipo de contradicción entre os informes da Intervención e da Secretaría Xeral do Concello, xa que ámbolos dous conclúen afirmando que do convenio-marco, sen desenvolve-lo a través doutro convenio de aplicación ou dunha addenda ao mesmo, non se desprende obriga ningunha para este Concello, e menos de financiar e executar a acometida eléctrica ao novo Hospital para a que non se prevé financiamento no mesmo, nin podería preverse ata que se aprobe o regulamentario proxecto que inclúa o presuposto de execución das obras do mesmo.*

*Por isto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL que aprobou o convenio-marco, que adopte o seguinte acordo:*

*“Rexeitar a resolución da Xunta de Galicia de data, 16 de abril de 2013, ditada conxuntamente pola Conselleira de Sanidade e Presidenta do Servizo Galego de Saúde e o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, por ser nula de pleno dereito e polo tanto inexistente, polos motivos que figuran no informe que antecede ( especialmente infrinxir o artigo 102 en relación co 62.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro), polo que non caberá tampouco a reclamación de danos e prexuízos, que se anuncia na mesma, por non existir motivo ningún para esixirla a este Concello.*

*No seu defecto, e subsidiariamente, que a anulen por ser ilegal e carecer de motivación, xa que a que invoca -que o Concello incumpriu o convenio- é inexistente e, polo tanto, ineficaz para xustificar a resolución unilateral do mesmo”, tal como quedou acreditado xa a través do acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de febreiro seguinte, firme e consentido, por non terse recorrido en prazo.*

*O presente acordo notifíquese á Consellería de Sanidade, ao Servizo Galego de Saúde e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, a advertíndolle que contra o mesmo poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a data da súa notificación.*

*Así mesmo poderán interpor calquer outro recurso ou reclamación que estimen oportuno.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(657).- ACEPTACIÓN DE RENUNCIAS A SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO ANO 2012:**

A) SUBVENCIÓN SOLICITADA POLA ENTIDADE AVCD DE CABRAL. EXPTE. 5863/320.

Visto o informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 28.05.13, conformado polo xefe de dito Servizo e polo concelleiro de Educación, Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- ACCEDER ó interesado pola entidade A.V.C.D. de Cabral, mediante escrito presentado en data 31/01/13 (doc. 130045645) no Rexistro Xeral do Concello de Vigo e, en consecuencia, ACEPTAR A RENUNCIA á subvención de 15.000 €, que lle fora outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/12/12 (expte. 5930/320) para o axudar ao financiamento do Programa III, de “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles” e DECLARAR CONCLUSO o procedemento correspondente (expte. 5863/320).

SEGUNDO: DAR TRASLADO do presente acordo ao Servizo de Intervención Xeral, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO: NOTIFICAR o presente acordo á A.V.C.D. de Cabral, nos termos establecidos no art. 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita

no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

#### B) SUBVENCIÓN SOLICITADA POLA ENTIDADE A.VV. CRISTO DE LA VICTORIA DE COIA. EXPTE. 5865/320.

Visto o informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 12.03.13, conformado polo xefe de dito Servizo e polo concelleiro de Educación, Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- ACCEDER ó interesado pola entidade A.VV. Cristo de la Victoria de Coia, mediante escrito presentado en data 21/02/13 (doc. 130021546) no Rexistro Xeral do Concello de Vigo e, en consecuencia, ACEPTAR A RENUNCIA á subvención de 3.189,98 €, que lle fora outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/12/12 (expte. 5930/320) para o axudar ao financiamento do Programa II, de “Gastos en investimento: equipamento” e DECLARAR CONCLUSO o procedemento correspondente (expte. 5865/320).

SEGUNDO: DAR TRASLADO do presente acordo ao Servizo de Intervención Xeral, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO: NOTIFICAR o presente acordo á A.VV. Cristo de la Victoria de Coia, nos termos establecidos no art. 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

#### C) SUBVENCIÓN SOLICITADA POLA ENTIDADE A.VV. AS FONTES DE VILAR GANDARÓN. EXPTE. 5876/320.



Visto o informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 19.03.13, conformado polo xefe de dito Servizo e polo concelleiro de Educación, Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- ACCEDER ó interesado pola entidade A. VV. As Fontes de Vilar Gandarón, mediante escrito presentado en data 30/01/13 (doc. 130011822) no Rexistro Xeral do Concello de Vigo e, en consecuencia, ACEPTAR A RENUNCIA á subvención de 5.558,94 €, que lle fora outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/12/12 (expte. 5930/320) para o axudar ao financiamento do Programa III, de “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles” e DECLARAR CONCLUSO o procedemento correspondente (expte. 5876/320).

SEGUNDO: DAR TRASLADO do presente acordo ao Servizo de Intervención Xeral, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO: NOTIFICAR o presente acordo á A. VV. As Fontes de Vilar Gandarón, nos termos establecidos no art. 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

D) SUBVENCIÓN SOLICITADA POLA ENTIDADE A.V.C.U. VAL DO FRAGOSO. EXPTE. 5878/320.

Visto o informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 19.03.13, conformado polo xefe de dito Servizo e polo concelleiro de Educación, Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- ACCEDER ó interesado pola entidade A.V.C.U. “Val do Fragoso”, mediante escrito presentado en data 30/01/13 (doc. 130011840) no Rexistro Xeral do Concello de Vigo e, en consecuencia, ACEPTAR A RENUNCIA á subvención de 400 €, que lle fora outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/12/12 (expte. 5930/320) para o axudar ao financiamento do Programa II, de “Gastos en investimento: equipamento” e DECLARAR CONCLUSO o procedemento correspondente (expte. 5878/320).

SEGUNDO: DAR TRASLADO do presente acordo ao Servizo de Intervención Xeral, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO: NOTIFICAR o presente acordo á A. VV. As Fontes de Vilar Gandarón, nos termos establecidos no art. 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

E) SUBVENCIÓN SOLICITADA POLA ENTIDADE U.V.C.D. CANDEÁN. EXPTE. 5888/320.

Visto o informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 22.04.13, conformado polo xefe de dito Servizo e polo concelleiro de Educación, Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- ACCEDER ó interesado pola entidade U.V.C.D. Candeán, mediante escrito presentado en data 18/04/13 (doc. 130043389) no Rexistro Xeral do Concello de Vigo e, en consecuencia, ACEPTAR A RENUNCIA á subvención de 4.586,30 €, que lle fora outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/12/12 (expte. 5930/320) para o axudar ao financiamento do Programa III, de “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles” e DECLARAR CONCLUSO o procedemento correspondente (expte. 5888/320).

SEGUNDO: DAR TRASLADO do presente acordo ao Servizo de Intervención Xeral, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO: NOTIFICAR o presente acordo á U.V.C.D. Candeán, nos termos establecidos no art. 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**16(658).- SUBSTITUCIÓN DE AVAL PRESENTADO POR SOLYMAR PLAYA SAMIL S.L. POLA CONCESIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA-RESTAURANTE DO VERBUM CASA DAS PALABRAS. EXPTE. 19422/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do 7.06.13, conformado polo xefe de Patrimonio e pola concelleira-delegada de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a cancelación do aval presentado por SOLYMAR PLAYA SAMIL, S.L, con CIF. B-94050036, para responder da concesión da cafetería-restaurante do Verbum Casa das Palabras, segundo mandamento de ingreso nº 201200036328, por importe de 12.000 €, que será substituído por outro do mesmo importe, xa presentado, e segundo mandamento de ingreso nº 201300030869, de data 30 de abril de 2013.

**17(659).- REVOGACIÓN DA DONACIÓN REALIZADA POR D. PABLO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ AO CONCELLO DE VIGO PARA A ADQUISICIÓN DE MEDIOS E MATERIAL PARA O DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN VIAL DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 38000/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Seguridade e Mobilidade, do 16.05.13, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, a concelleira de Economía, Facenda e Contratación e coa toma de razón do interventor xeral, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES.-**

*O pasado 18 de xaneiro de 2013, D. PABLO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, titular do DNI nº 34969976V, mediante escrito con nº de asento rexistral 130006150 dirixido ao Excmo. Sr. Alcalde, tras declarar a súa vontade de donar a cantidade de 1.000,00 € ao Concello de Vigo, con destino específico á adquisición de medios e material para o Departamento de Educación Vial da Policía Local, en mérito da labor que os seus compoñentes desempeñan en pro da seguridade viaria, remata solicitando que se lle comunique o xeito de entregar dita cantidade.*

*O 24 de xaneiro do presente ano o Tesoureiro Municipal certifica o cobro voluntario da cantidade de 1.000,00 € mediante ingreso efectuado por D. Pablo González Fernández na entidade de depósito NOVA GALICIA BANCO con nº de liquidación 800003603.*

*Previo informe-proposta do funcionario que suscribe, conformado polo Concelleiro Delegado do servizo, a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 2 de febreiro de 2013, expte. 37066-212, acordou aceptar-la donación e dispuxo que polo servizo xestor se tramitara o correspondente expediente de modificación de crédito co fin de darlle pleno cumprimento ao Acordo.*

*Tramitado o expediente de modificación orzamentaria por xeración de crédito ( expte. 37174/212), é devolto polo Servizo de Intervención ante a imposibilidade legal de realizar a xeración de crédito por mor dos límites de gasto introducidos pola LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financieira, segundo dilixencia de 13 de maio de 2013. O 14 de maio de 2013, o donante antes identificado, mediante escrito con asento rexistral nº 130055178, revoca a donación efectuada por incumprimento das condicións impostas, e solicita que os caudais donados lle sexan devoltos mediante transferencia bancaria á conta 2080-5040-54-3040021730.*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-**

*PRIMEIRO.- A acción de revocación das donacións e os seus efectos réxese polo Dereito privado, conforme ao disposto nos arts. 2 e 7 en relación coa disposición final segunda da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, e asimesmo, o art 4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.*

*SEGUNDO.- De conformidade co art. 647 do Código Civil, danse os presupostos de lexitimación e causas da revocación por canto o Concello de Vigo, por motivos legais sobrevenidos á aceptación da donación ( regra de gasto introducida pola LO 2/2012), non pudo darlle aos caudais donados o destino imposto polo donante. En consecuencia, e con arranxo ao art. 651 da mesma disposición procede a simple devolución dos 1.000,00 € donados.*

*TERCEIRO.- Conforme ao previsto no art. 7 da Ley 33/2003 en relación coa disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, a competencia para aceptar a revocación da donación e dispoñer os efectos que legalmente proceden, reside na Xunta de Goberno Local, con suxeción do acto ao procedemento ordinario.*

*En virtude de cantos antecedentes e fundamentos xurídicos se expoñen, e no exercicio das facultades que me corresponden segundo o Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de setembro de 2010, veño en propoñer ao Concelleiro Delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*1º.- Estimar a revocación da donación de 1.000,00 €, solicitada por D. PABLO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, con DNI nº 34969976V, no seu escrito de 14 de maio de 2013 ( doc. nº 130055178) e, en consecuencia, deixar sin efecto o Acordo desta Xunta de Goberno Local, de 2 de febreiro de 2013 ( Expte. 37066/212).*

*2º.- Dispoñer que polos servizos correspondentes se proceda a devolver a D. PABLO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, con cargo ao subconcepto orzamentario 39904 dos orzamentos de 2013, e operación contable 13161/13, os 1.000,00 € que o 18 de xaneiro de 2013 ingresou na entidade de depósito NOVA GALICIA BANCO con nº de liquidación 800003603, mediante transferencia a súa CCC 2080-5040-54-3040021730, de conformidade co solicitado polo interesado no seu escrito de revocación.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **18(660).- INCLUSIÓN DO SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA COMO SERVIZO INTERNO OU CENTRAL IMPRESCINDIBLE PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS MÍNIMOS OBRIGATORIOS. EXPTE. 24097/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6.06.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro defilegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Modificar puntualmente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de marzo de 2011 respecto dos límites á creación de emprego público, reposición de efectivos, cobertura de prazas vacantes e recurso a efectivos de carácter temporal (funcionarios/as interinos/as e/ou persoal laboral), nos termos da motivación contida

no escrito do servizo de data 06/02/2013 e coa finalidade de inclusión expresa da actividade de informática e novas tecnoloxías, desenvolta polo Servizo de Administración Electrónica, no apartado 2 do referido acordo, considerándose éste como actividade esencial dentro dos servizos públicos que prestan os concellos, a maiores dos recollidos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Segundo.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento dun funcionario interino por execución do programa de carácter temporal “Desenvolvemento dos proxectos – Xestión Documental-, -Implantación e optimización do entorno de traballo virtual- e, -Adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade-, cunha carga de traballo de 4.950 horas (264 días x 7,50 horas x 2,5 anos)”, como programador/a de informática, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de TRINTA MESES (03/06/2013 a 02/12/2015), finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Administración Electrónica, contidas no escrito de data 07 de marzo de 2013.

Terceiro.- En execución do contido do apartado segundo anterior, nomear funcionario interino ao abeiro do disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, cunha duración máxima ata o 31/12/2013, nos termos da duración máxima de 30 meses prevista, como programador de informática, á D. LAUREANO GUARÍN DÍEZ, DNI 36.081.906-N, aspirante que superou tódolos exercicios do último proceso de selectivo da oposición na derradeira convocatoria para a provisión dunha praza de Técnico/a de Sistemas (expte. 22754/220), incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e, segundo petición do servizo formulada en escrito do 07/03/2013, así como dacordo co disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, dispoñendo a finalización da relación de servizo, ademais de polas causas previstas no artigo 63 da referida Lei e da data límite establecida anteriormente, no suposto no cal o programa deixe de ser prestado, será deixado sen efecto o nomeamento citado mediante o correspondente acto administrativo, por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do EBEP, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e normativa de concordante aplicación, así como co disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Cuarto.- Autoriza-lo gasto por importe de 17.722,60€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00-(outras modalidades) para facer fronte ao referido nomeamento.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**19(661).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

A ) RESOLUCIÓN DE DATA 06.06.2013, POLA QUE SE DECLARA EN SITUACIÓN DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA Á FUNCIONARIA D<sup>a</sup> PEPA CALVET MICAS. EXP-TE. 24175/220.

Dáse conta da referida resolución, que di o seguinte:

*Con data 30 de maio de 2013, D<sup>a</sup>. Pepa Calvet Micas, con DNI 40.857.370-D, e nº de persoal 77826, administrativa de administración xeral adscrita á Área de Investimentos, solicita excedencia voluntaria por interese particular a partir do día 10/06/2013.*

*O art. 89 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en relación co art. 16 do Real Decreto 365/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, establece, que poderá concederse excedencia voluntaria por interese particular ós funcionarios cando así o soliciten, sendo preciso a tales efectos ter prestado servizos efectivos durante os cinco últimos anos, non pudiendo permanecer nesta situación menos de dous anos continuados.*

*Visto o expediente persoal da interesada, o informe favorable do Xefe de Área de Investimentos e considerando que concorren os presupostos legalmente esixidos para decreta-lo pase a esta situación administrativa, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 06.02.2013 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, así como aquelas competencias que en canto á xefatura do persoal municipal teño delegadas pola Xunta de Goberno Local (Acordo de 8.02.2013), pola presente*

**R E S O L V O**

*Primeiro.- Declarar en situación de excedencia voluntaria por interese particular a funcionaria D<sup>a</sup>. Pepa Calvet Micas, con DNI 40.857.370-D, e nº de persoal 77826, administrativa de administración xeral adscrita á Área de Investimentos, a petición expresa da interesada con data 30 de maio de 2013 e con efectos económicos e administrativos do día 9 de xuño de 2013.*

*Segundo.- O tempo de permanencia nesta situación non devengará dereitos retributivos ninguns, nin computará a efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos, debendo permanecer nesta situación por un período mínimo de dous anos continuados cun límite máximo de quince, non comportando a reserva de posto de traballo.*

*Terceiro.- A falta de petición de reingreso ó servizo activo dentro de dito prazo comportará a perda da condición de funcionario.*

*Cuarto.- Pola Tesourería Municipal, Negociado de Nóminas, deberá procederse ao desconto na nómina deste mes de xuño de 15 días en concepto de vacacións, asuntos propios non devengados nos termos da lexislación vixente e xa disfrutados pola interesada.*

*Quinto.- Da presente resolución dese conta á interesada, Xefe Area Investimentos, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Negociado de Seguridade Social-Inspector Auxiliar), Intervención Xeral, Tesourería Municipal, debendo darse conta á Xunta de Goberno Municipal.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **B) RESOLUCIÓN DE DATA 06.06.2013, RELATIVA Á CONCESIÓN DE PERMISO NON RETRIBUÍDO AO FUNCIONARIO D. ALEJANDRO COSTAS BASTOS.**

Dase conta da referida resolución, que di o seguinte:

*Primeiro.- Autorizar a D. Alejandro Costas Bastos, con número de persoal 76480, funcionario de carreira con praza e posto de policía adscrito ao Servizo da Policía Local, un permiso non retribuído durante o período comprendido entre o 9 de agosto de 2013 e o 8 de agosto de 2014 (ámbolos dous incluídos) de conformidade co previsto no art. 17.c) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.*

*Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.*

*Segundo.- Dese conta da presente resolución ao interesado, Sr. Intendente da Policía Local, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Planificación e Organización, Seguridade Social, Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.*

*Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

c) RESOLUCIÓN DE DATA 21.05.2013, RELATIVA Á CONCESIÓN DE PERMISO NON RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA D<sup>a</sup> MARGARITA NÚÑEZ CUIÑAS. EXPTE. 24122/220.

Dáse conta da referida resolución, que di o seguinte:

*Primeiro.- Autorizar a D<sup>a</sup> MARGARITA NÚÑEZ CUIÑAS, con NIF 36.022.088-V e núm. persoal 19287, delinente adscrita ao Servizo de Mobilidade e Seguridade, un permiso sen soldo por asuntos persoais do 19 de agosto ao 02 de setembro de 2013, ámbolos dous inclusive, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.*

*Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.*

*Segundo.- Dese conta da presente resolución á interesada, Xefe de Área de Mobilidade e Seguridade, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Tco. de Organización e Planificación de Recursos Humanos, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.*

*Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

d) RESOLUCIÓN DE DATA 15.05.2013, RELATIVA Á CONCESIÓN DE PERMISO NON RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA D<sup>a</sup> CARMEN M<sup>a</sup> SANZ ALONSO. EXPTE. 24012/220.

Dáse conta da referida resolución, que di o seguinte:

*Primeiro.- Autorizar a D<sup>a</sup> CARMEN M<sup>a</sup> SANZ ALONSO, con NIF 36.063.965-B e n<sup>o</sup> persoal 22125, auxiliar administrativa adscrita ao Servizo de Mobilidade e Seguridade, un permiso sen soldo por asuntos persoais no mes de xullo de 2013 (do 1 ao 31 de xullo ámbolos dous inclusive), de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.*

*Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.*

*Segundo.- Dese conta da presente resolución á interesada, Xefe de Área de Mobilidade e Seguridade, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Tco. de Organización e Planificación, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.*



Terceiro.- *Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

E) RESOLUCIÓN DE DATA 31.05.2013, RELATIVA Á CONCESIÓN DE PERMISO NON RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA D<sup>a</sup> ANA M<sup>a</sup> OSORIO CALLES. EXPTE. 24153/220.

Dáse conta da referida resolución, que di o seguinte:

Primeiro.- *Autorizar a Ana M<sup>a</sup> Osorio Calles, con número de persoal 80571, funcionaria adscrita a Administración de Tributos municipais a un permiso non retribuído durante o período comprendido entre o 6 o o 21 de xuño de 2013 (ámbolos dous incluídos) de conformidade co previsto no art. 17.a) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.*

*Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos personais e pagas extraordinarias.*

Segundo.- *Dese conta da presente resolución á interesada, Sr. Xefe de Servizo Administración Tributos, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Planificación e Organización, Seguridade Social, Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.*

Terceiro.- *Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

F) RESOLUCIÓN DE DATA 31.05.2013, RELATIVA Á CONCESIÓN DE PERMISO NON RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA D<sup>a</sup> ANGELES LANDÍN LORENZO. EXPTE. 24152/220.

Dáse conta da referida resolución, que di o seguinte:

Primeiro.- *Autorizar a D<sup>a</sup> Angeles Landín Lorenzo, con número de persoal 81470, funcionaria adscrita a Administración de Tributos municipais a un permiso non retribuído durante o período comprendido entre o 6 o o 21 de xuño de 2013 (ámbolos dous incluídos) de conformidade co pre-*

visto no art. 17.a) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

*Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.*

Segundo.- Dese conta da presente resolución á interesada, Sr. Xefe de Servizo Administración Tributos , Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Planificación e Organización, Seguridade Social, Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.

Terceiro.- *Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **20(662).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A PERSOAL DO SERVIZO DE ELECTROMECAÑICOS POLA LIMPEZA DAS FONTES PÚBLICAS ORNAMENTAIS, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24163/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6.06.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 4.06.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Recoñecer aos empregado municipais adscritos ao Servizo de Electromecánicos que *participan no operativo da limpeza especial das fontes públicas ornamentais* , D Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136 as cantidades que a continuación se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instrucións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, correspondentes ao 1º trimestres do ano 2013.

N persoal	Nome	a percibir
14491	Juan Davila Perez	351.05
79136	Francisco J Bea Puentes	280.84

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 631,89€ en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136, polo período correspondente ao 1º trimestre do ano 2013.

**21(663).- AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 24149/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.06.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 22/05/2013 por un importe total de 9.513,00 € (NUEVE MIL QUINIENTOS TRECE EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:

NOME	DNI	Nº Persoal	Euros
Bugallo Corrales Elias	36142415	79109	2879
Fernández Alvarez Florentino	36019741	15473	2700
Nogueira Casas José	78733309	76517	1366
Riobó Ibañez Marta	36081499	76267	2568
SUMA TOTAL			9513

Segundo.- Denegar as solicitudes correspondentes aos seguintes empregados públicos municipais:

Estevez Albela José Manuel – denegada por ser axuda socio-sanitaria

González Garcia Katia M<sup>a</sup> – denegada non procede axuda

Lago Carrera Rocio – denegada non procede axuda

Pérez Medrano M<sup>a</sup> Esther – non procede axuda según acordo da comisión 17-12-2012

Vidal Trigo Antonio – denegada por ser axuda socio-sanitaria

**22(664).- RECTIFICACIÓN ERRO ARITMÉTICO ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30.11.2012 (EXPTE. 23622/220) E LIQUIDACIÓN DE INTERES NA EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS. EXPTE. 23929/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.06.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 14.05.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO - Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro aritmético detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de novembro de 2012 (expte. 23622-220), no

seu apartado segundo, no que respecta á cantidade a ingresar na conta do Xulgado do Social Nº 5 debendo figurar “13.864,25 € “no lugar dos “9.150,46 €” contemplados.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo da traballadora (296,72 €) e IRPF (707,07€).

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, polo periodo de 1 de febreiro a 21 de xuño de 2010.

CUARTO.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social Nº 5 na execución 51/2012, procedendo a abonar a cantidade de 1.284,24 € en concepto de intereses unha vez efectuada a oportuna liquidación.

QUINTO.- Proceder ao ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274- debendo indicar en concepto: expte. 3630 0000 64 005112 (4.994,24 € -3.710,00 € de principal e 1.284,24 € de intereses-) correspondentes a liquidación de intereses e cantidade indebidamente descontada á interesada.

SEXTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 5 de Vigo ós oportunos efectos en relación coas resolucións xudiciais executadas a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial.

**23(665).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE TARIFAS DO APARCAMENTO SITO NA PRAZA DO REI SOLICITADA POR CORPORACIÓN MASAVEU S.A. EXPTE. 81301/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 5.06.13, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

*Na data 8 de abril de 2013 remítese a este servizo de transportes o expediente 81301-210.*

*Examinado o contido do mesmo comprobouse o seguinte :*

*---Na data 11 de outubro de 2011 D. Alvaro Mittelbrunn Puga, como representante legal da entidade Corporación Masaveu S.A. adxudicataria do aparcamento público sito na Praza do Rei de Vigo presenta escrito no rexistro xeral do Concello no que manifesta que recibiu requirimento da área de mobilidade , transporte e seguridade para que modifique a tarifa aplicada no citado aparcamento a fin de adaptala, o establecido na sentenza firme do tribunal superior de Xusticia de Galicia de data 28 de outubro de 2010 .*

*Asimesmo manifesta que a execución da citada sentenza implica a aplicación da tarifa horaria, previa a modificación tarifaría aprobada polo acordo da xunta de goberno local de 26 de febreiro de 2008 , de conformidade co fixado na Lei 44/2006 de 29 de decembro de mellora de*

protección dos consumidores e usuarios ; a aplicación de dita tarifa suporía unha vulneración do equilibrio económico financeiro do contrato polo que: :

“ Solicita a aprobación da nova tarifa de 0,0233 euros/ minuto mais IVE. “

---Na data 1 de decembro de 2011 en resposta ao requirimento recibido foi aportada a seguinte documentación pola empresa concesionaria reiterando a súa solicitude de aprobación tarifaría :  
■estudio económico-financieiro da concesión administrativa do estacionamento “ praza do rei “ realizado pola firma Dosvalor JH, s.l.

■conta de explotación do citado estacionamento anos 2006 a 2010 .

■desglose contable mensual de ingresos /gastos do aparcamento exercicios 2006 a 2010 .

■declaracións trimestrais e anuais do IVE anos 2006 a 2010

■movementos de rotación do estacionamento anos 2006 a 2010

---Na data 7 de febreiro de 2012 aportan nova documentación para incorporar ao expediente , consistente na conta de explotación do estacionamento correspondente aos exercicios 2010-2011 .

---Na data 17 de xullo de 2012 , o xefe da area de investimentos emite informe no que di que procede formular proposta a Xunta de Goberno Local fixando a tarifa en 0,0233 €/ minuto mais IVE .

---Na data 22 de outubro de 2012 , se concede tramite de audiencia as asociacións de consumidores e usuarios e a empresa solicitante .

---Na mesma data incorporase ao expediente informe análise efectuado pola empresa Idom .

---Na data 2 de novembro de 2012 a empresa concesionaria aporta nova documentación .

---Na data 27 de novembro de 2012 pola xefa de Seguridade solicitase novo informe ao xefe da area de investimentos en relación co emitido con anterioridade .

---Na data 11 de decembro de 2012 a empresa concesionaria aporta nova documentación

---Na data 6 de marzo de 2013 o xefe da area de investimentos emite un novo informe co seguinte contido :

Con data 28 de novembro de 2012 foi requirido informe ampliatorio desta Xefatura sobre o expediente de referencia sobre o que xa se tiña emitido opinión técnica en relación coa procedencia de elevar proposta á Xunta de Goberno Local da modificación de tarifa instada polo concesionario Corporación Masaveu, S.A., aos efectos de restablecer o equilibrio económico subvertido que púxose de manifesto con ocasión da aplicación da tarifa estrictamente minutaria, establecida en cumprimento da sentenza dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza en recurso de apelación interposto pola Unión de Consumidores de Pontevedra, do que resultou anulado o acordo do mentado órgano municipal de data 26/02/2008.

Fundamenta esa Xefatura de Seguridade no requirimento efectuado en base aos seguintes motivos:

—A non coincidencia dos ingresos de facturación reflectidos no informe elaborado pola entidade Idom Consulting e o emitido pola entidade Dosvalor, S.L., discrepancia ésta que tamén se puxo de manifesto ao analizar as cifras de rotación do aparcadoiro no período setembro/2006 – febreiro/2007.

–Xustificación da insuficiencia dos recursos acadados coas tarifas actuais para lograr a cobertura dos custos de explotación, amortización dos activos implicados e obtención dunha marxe aceptable de beneficio industrial.

En canto á primeira das advertencias formuladas, esta Xefatura ratifícase íntegramente no informe emitido con data 17/07/2012 e en tal senso -trala verificación do soporte informático das estancias por vehículo do ano 2012- outorga exactitude, veracidade e coherencia aos datos de facturación trasladados no informe da consultora Dosvalor, S.L., descoñecendo as causas que induciron á entidade Idom Consulting para facilitar outra información alternativa non coincidente co rexistro de control de accesos do aparcadoiro.

Non obstante o anterior é obvio que no caso de dúbida sobre a fiabilidade das ocupacións da instalación e conseguintemente da facturación do concesionario, circunstancia ésta non conconrente no caso que nos ocupa, esta Xefatura decantaríase pola admisibilidade da hipótese menos onerosa para o usuario, isto é a de maior ocupación (comunicada pola entidade Dosvalor, S.L.) e iso en base ao principio de defensa e salvagarda dos intereses do usuario.

Respecto ao segundo dos motivos invocados no informe desa Xefatura é de significar en primeiro término que a demora na contestación ao expediente é consecuencia da necesidade de verificar o comportamento dos ingresos da concesión segundo o método deductivo plasmado no informe do consultor cos datos reais do desenvolvemento da actividade no exercicio 2012, que dedúcese das Contas de Resultados que foron remitidas a este Servizo con data 22/02/2013.

Feitas as anteriores matizacións e antes de entrar no fondo da cuestión obxecto de controversia parece ineludible realizar unha aproximación, se ben somera, ás determinacións financeiras que necesariamente deben considerarse como condición “sine qua non” para decidir sobre a conveniencia e idoneidade de elección dun determinado proxecto de investimento que vai máis alá do criterio simplista de “beneficio industrial normal” e que dedúcese do estudo e análise do proxecto e as súas expectativas de evolución ao longo do período concesional.

A falla de determinación da Taxa Interna de Retorno (TIR) requirida para a aceptación do proxecto de investimento (na medida que non es establece o custo capital desglosado no gasto financeiro, custo de oportunidade e prima de risco) así como a ausencia de pronunciamento respecto ao valor actual neto, obtido por diferenza dos fluxos de caixa descontados, orienta a análise cara o estudo da conta de explotación dos primeiros 10 anos de desenvolvemento da actividade e moi especialmente á observación da tendencia das cifras anuais deducidas en concepto de EBITDA (beneficios antes de impostos, gastos financeiros, depreciacións e amortizacións).

Nos parágrafos que a continuación se relacionan concretase a evolución das magnitudes de EBITDA nos distintos escenarios, a fin de acreditar a insuficiencia dos recursos da concesión, coa tarifa vixente, entendendo que a dita carencia invalida a execución do proxecto, ao non cumprir as mínimas expectativas baraxadas no Plan Económico Financeiro que serviu de base para a formulación da respectiva oferta.

#### I.- A EVOLUCIÓN DAS CIFRAS DE EXPLOTACIÓN DA CONCESIÓN NOS EXERCICIOS ANTERIORES AO DE ESTABLECEMENTO DA TARIFA MINUTARIA.

EXERCICIO	EBITDA	VARIACIÓN INTERANUAL
2006	160,88	
		9,20%

2007	175,77	
		-9,50%
2008	159,04	
		17,59%
2009	187,03	
		2,12%
2010	191	
		-51,38%
2012	92,87	

*Cifras en miles de euros.*

*O retroceso nas cifras de negocios que se manifesta nunha redución dos beneficios do 2012 é evidente e se orixina por mor da aplicación da tarifa minutaria xa que como a continuación acreditarase as cifras de rotación ou demanda da aparcadoiro mantéñense estabilizadas ao longo do período analizado.*

*Aunque se deflacte do estudo aqueles exercicios nos que se observa un comportamento excepcional dos beneficios (como é o caso do exercicio 2009 no que se detecta unha notable diminución dos gastos de explotación) a minoración de ingresos podería cuantificarse como segue:*

$$\frac{\text{EBITDA 2012 (REAL)}}{\text{Media aritmética EBITDA 2006-2008}} = \frac{92,87}{165,23} = 56\%$$

*A insuficiencia de tarifa polo tanto establécese no 44%.*

## **II.- SOBRE AS PREDICCIÓNS DE EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE RECOLLIDAS NO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO QUE SERVIU DE BASE PARA A ADXUDICACIÓN DO CONCURSO.**

*Os datos obtivéronse mediante proxección das cifras recollidas no PEF da oferta debidamente indexadas a través do factor considerado no estudo (I.P.C.) o que supón aplicar ao beneficio de cada ano o multiplicador  $I^{n-1}$  no que  $I=1+r$ , sendo  $r$  o I.P.C en tanto por uno e  $n$ , o ordinal do ano de proxección (2006=1).*

*O beneficio bruto previsto para o exercicio nº 10 (correspondente ao ano 2005) ascendía á cantidade de 17.656.814 pesetas (106.114,00 euros).*

*Por aplicación da fórmula anterior, acádase a seguinte serie:*

ANO	EBITDA
2005	106,11
2006	110,35
2007	114,77
2008	119,35
2009	124,13

2010	129,09
2011	134,26
2012	139,63

$$\frac{\text{EBITDA 2012 (REAL)}}{\text{EBITDA PEF 2012}} = \frac{92,87}{139,63} = 66,51\%$$

A desviación observada cuantifícase no 33,49%.

### III.- A CONTA DE EXPLOTACIÓN DO EXERCICIO 2012.

Examínanse no presente apartado a coherencia da conta de explotación do último exercicio cos resultados obtidos en exercicios precedentes xa que unha sobrevaloración dos custos de explotación ou cambio de tendencia nas demandas da modalidade de tarifa “cuota de abono” introduciría distorsións na interpretación e validez da diminución da cifra de ventas orixinada pola simple rotación.

Os importes derivados das “cuotas de abono do aparcadoiro” mantéñense no entorno da media aritmética anual de 156.600,00€, tal e como demóstrase na seguinte táboa:

EXERCICIO	IMPORTE ANUAL CUOTAS DE ABONO
2006	148
2007	153
2008	160
2009	161
2010	160
2012	155

Pola súa banda, a media do custo de explotación dos cinco exercicios analizados é de 191.000,00€/ano fronte ao rexistrado no ano 2012 (213.000,00€) que se ben supuxeron un incremento do 11% é inferior ao rexistro contable do 2008 (216.610,00€).

### IV.- O MANTEMENTO DAS CIFRAS DE DEMANDA DO SERVIZO DE APARCADOIRO EN TÉRMINOS DE ROTACIÓN.

Os resultados de rotación do exercicio 2012, extraídos da conta de explotación e en termos de estancia efectiva minutaria son os seguintes:

Enero/Abril	3.523.255 minutos
Maio/Agosto	2.989.030 minutos
Setembro/Decembro	3.553.201 minutos
<b>TOTAL</b>	<b>10.065.486 minutos</b>



O soporte informático analizado pola entidade consultora Dosvalor, S.L. establece unha cifra de rotación para o exercicio de 2006 equivalente a 9.542.901 minutos, do que dedúcese que a menor facturación do exercicio do 2012 non ten a súa orixe nunha diminución da demanda, risco que debería ser asumido polo concesionario, senon que isto orixínase a pesar do incremento da rotación nun 5,48%.

#### V.- A METODOLOXÍA UTILIZADA POLA ENTIDADE CONSULTORA DOSVALOR, S.L. PARA A DEDUCCIÓN DUNHA TARIFA COMPENSATORIA.

Neste punto remitímonos ao folio nº 19 do informe do consultor, no que partindo da hipótese, xa contrastada neste e noutros aparcadoiros, de inelasticidade da demanda respecto do prezo ou tarifa, por simple indexación por aplicación do factor I.P.C dedúcese unha tarifa de 0,0239€/minuto con efectos de 2011.

#### VI.- XUSTIFICACIÓN DA TARIFA DE EQUILIBRIO DA CONCESIÓN E A SÚA COHERENCIA COA SOLICITADA POLO CONCESIONARIO.

Se se observa a cifra de ventas obtidas nos exercicios 2006 a 2010 (ambos inclusivos) deducidos segundo a aplicación da tarifa vixente en cada momento -en calquera das tres modalidades- e as que corresponden ao prezo estritamente minutarario, actualmente en vigor, obsérvase un desfase en media aritmética equivalente ao 30% que elevaríase ao 34% se a comparación efectúase coa tarifa horaria que se formula na oferta da concesión.

Tendo en conta que a tarifa minutararia vixente no período xullo 2010-outubro2011 é de 0,0181€/minuto o equilibrio resultante sería o seguinte:  $0,0181 \times 1,30 = 0,02353\text{€/minuto}$ .

#### CONCLUSIÓNS:

En concordancia co anteriormente exposto esta Xefatura entende que se contrastaron empíricamente o método deductivo que serviu de base e fundamento para a emisión do informe desta Xefatura, de data 17/07/2012, ao considerar que a análise empregada foi a correcta e que soporta o debido rigor científico sen que se aprecien sesgos que invaliden as conclusións por entóns especificadas.

En consecuencia, a criterio desta Xefatura, procede propoñer á Xunta de Goberno Local o establecemento de tarifa minutararia do aparcadoiro da Praza do Rei na cantidade de 0,0233, cunha vez actualizada debido ao período transcorrido entre a data de petición (1/12/2011) e de tramitación (1/1/2013) equivalente ao 1,6%, resulta o seguinte:

$$0,0233 \times 1,016 = \underline{0,02368\text{€/minuto}}$$

Asimesmo a empresa concesionaria solicita que dado o tempo transcurrido se revise a tarifa aplicando a variación do IPC

A vista do hasta aquí exposto conclúese o seguinte :

- Por acordo da xunta de Goberno Local de data 27 de agosto de 2007, e en aplicación do previsto na lei 44/2006 de protección de consumidores o usuarios; aprobose a aplicación dunha tarifa por minuto nos aparcamentos públicos da cidade e dicir dividir a tarifa aprobada entre 60 minutos
- Ademais, aprobose a constitución dunha comisión para o estudo e posterior pronunciamento sobre a evolución do equilibrio económico financeiro que resultaba da aplicación do acordo adoptado. Como consecuencia dos citados estudos a xunta de goberno local

en sesión do 26 de febreiro do 2008, aprobou unhas novas tarifas, que non respondían a unha estrutura por minuto (dous tramos).:

0,0289 €/minuto nos primeiros 80 minutos.

0,0210 €/minuto a partir do minuto 81.

- Dito acordo foi recorrido pola Unión de Consumidores da provincia de Pontevedra dicando sentenza o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.pola que se estima parcialmente o recurso interposto anulándose o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de febreiro de 2008
- Do cumprimento da citada Sentencia derivase a solicitude de modificación tarifaria presentada pola empresa concesionaria e o informe favorable do xefe de investimentos .
- De conformidade co informe emitido polo xefe da area de investimentos procede establecer a tarifa minutaria no aparcadoiro da Praza do Rei na cantidade de =,02368€/minuto .

Considerando que a competencia en materia de contratación corresponde a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no apartado 3 da disposición segunda do RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos de sector publico

Polo ate aqui exposto PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL , previo informe favorable da Intervención Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO :** Modificar o importe da tarifa que será abonada polos usuarios do aparcamento publico en réxime de concesión administrativa situado no Praza do Rei e do cal e titular a empresa Corporación Masaveu S.A., co obxecto de manter o equilibrio económico financeiro e de conformidade co informe económico emitido , fixando como máxima a seguinte coantía :

0,02368 €/minuto .

**SEGUNDO :** A tarifa aprobada poderá revisarse , previa autorización do órgano de contratación, en función das variacions que experimente o IPC do conxunto do estado de conformidade co disposto no apartado I do anexo II do prego de condicións que rixe a concesion aprobado en data 18 de febreiro de 1994.

**TERCEIRO:** A modificación da tarifa mencionada no apartado primeiro entrará en vigor a partires do día seguinte a adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local. Coa aplicación desta tarifa o concesionario é compensado economicamente por calquer dereito derivado do período transitorio, é dicir, dende que está a aplicar as tarifas por minuto (acordo da Xunta de Goberno de 30/09/2011) ata o momento actual da aprobación da presente tarifa.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo a tódolos interesados no presente expediente facéndolles constar que o mesmo esgota a vía administrativa podendo interpoñerse contra o mesmo recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante a Xunta de Goberno Local ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contenciosos-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, en que ambos podan simultanearse.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(666).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 1.256,36 € A FAVOR DE VIAJES EL CORTE INGLÉS S.A. EN CONCEPTO DE GASTOS POR VIAXE E ALOXAMENTO EN MADRID POR ASISTENCIA A FITUR. EXPTE. 4853/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.06.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 15.05.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de VIAJES EL CORTE INGLES, S.A, CIF A-28229813, na contía de 1,256,36 €, correspondentes ós servizos prestados no desprazamento a Madrid en relación coas facturas que se citan.

SEGUNDO.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2013, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor VIAJES EL CORTE INGLES, S.A, CIF A-28229813 , polo importe de 1.256,36 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	Partida	nº fact	Fecha	fact total
4824-104	4320.2312000	00933-0506480	26/03/13	317,05 €
4825-104	4320.2312000	00933-0506490	26/03/13	391,05 €
4826-104	4320.2310000	00933-0506510	26/03/13	154,96 €
4827-104	4320.2310000	00913-1001290	26/03/13	213,30 €
4828-104	4320.2302000	00913-1001290	26/03/13	90,00 €
4833-104	4320-2302000	00913-1196020	08/04/13	90,00 €

TERCEIRO.- Ordear o pago a favor de VIAJES EL CORTE INGLES, S.A, CIF A-28229813, según detalle (4320.2312000 importe de 708,10 €; 4320.2310000 importe de 368,26 €; 4320.2302000 importe de 180,00 €) polo devandito importe de 1.256,36 € con cargo ao crédito dispoñible na partidas 4320.231.2000 “Locomoción personal non directivo”; 4320.2310000 “Gastos de locomoción por asistencia a feiras e congresos” e 4320.2302000 “Dietas do persoal para asistir a feiras e congresos” do orzamento vixente.

**25(667).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.